

**Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación  
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**

**ALEGACIONES AO EXPEDIENTE 2024-IPPC-I-94 relativo a instalación dunha planta de Biogás na Laracha.**

Don/Doña ..... con D.N.I./N.I.F.  
núm....., con domicilio a efectos de notificacións  
en....., tlfno.....,  
e-mail....., comparezo e digo:

Á vista do *ANUNCIO do 2 de marzo de 2026, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e a solicitude de autorización ambiental integrada para o proxecto de planta de biogás Laracha, de Bioenergía A Coruña, S.L.U., na Laracha, A Coruña (expediente 2024-IPPC-I-94)* preténdese a tramitación ambiental conxunta de proxectos de actividades sometidas a autorización ambiental integrada e avaliación de impacto ambiental de acordo ao establecido na Lei 5/2017 do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia en relación coa lexislación de avaliación ambiental (Lei 21/2013, 9 de decembro) e de prevención e control da contaminación (RDL 1/2016, de 16 de decembro).

Á vista da documentación á que se puido acceder e que se puxo a disposición na dirección electrónica indicada no anuncio do 2 de marzo.

Á vista do prazo de 30 días hábiles dos que se dispón co fin de que calquera persoa interesada poida consultala e, de ser o caso, formular dentro do dito prazo as alegacións, suxestións ou observacións que considere convenientes.

Á vista das condicións concretas dos terreos nos que se prevé situar a instalación, da súa entidade e das afeccións propias da actividade que proxecta

Formulo as seguintes **alegacións**:

**1. FALTA DE DOCUMENTACIÓN SOMETIDA A INFORMACIÓN PÚBLICA.**

A planta proxectada inclúe como materias primas mais significativas a tratar residuos SANDACH (6.500 t/ano ) ou xurro de vacuno (3.000 t/ano), polo que considero relevante dispoñer de toda a documentación relacionada coas mesmas.

Como se comproba no documento ANEXO IX. JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE ESTABLECIMIENTO SANDACH que forma parte do PROYECTO BÁSICO PARA LA SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA (AAI) PROYECTO PLANTA BIOGAS LARACHA T.M de Laracha asinado o 19.02.2026 por Javier Granero Castro Dr. Cc. Ambientales, Cristina Cardín de Paz Lic. Cc. Ambientales, Patricia Guzmán Andreu Gdo. Cc. Ambientales e Celia Toraño Valle Gdo. Biología foi presentada documentación fronte a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias documentación relativa a produtos SANDACH, concretamente o documento *Memoria Sandach y Análisis Puntos Críticos* xunto con outros planos e documentos (Rexistro Nº 2025/3255086)

Considero relevante incluír no procedemento de información pública a mesma documentación que se presentou no dito servizo en relación aos produtos SANDACH posto que do contrario estaríase ante unha vulneración do dereito de participación pública real e efectiva.

Por outra banda, consta a existencia dos seguintes informes favorables de acordo a indicado na páxina 10 do ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL (EsIA) PLANTA BIOGÁS LARACHA asinado o 19.02.2026 por Javier Granero Castro Dr. Cc. Ambientales, Cristina Cardín de Paz Lic. Cc. Ambientales, Patricia Guzmán Andreu Gdo. Cc. Ambientales e Celia Toraño Valle Gdo. Biología:

- Informe da Subdirección Xeral de Residuos e Economía Circular
- Informe de Augas de Galicia
- Informe do Servizo de Prevención e Control Integrado da Contaminación

Considérase necesaria a achega dos ditos informes co fin de poder acadar un procedemento de participación pública real e efectivo.

Polo exposto neste punto, solicítase que se de publicidade a documentación indicada e se é o caso se inicie de novo o procedemento de información pública.

## 2. ERRO NA CUALIFICACIÓN E TRATAMENTO DOS RESIDUOS SANDACH.

**Á falta de información posta de manifesto no apartado 1, existen erros esenciais na categorización dos SANDACH, xa que se trata de SANDACH categoría 2.**

O artigo 9 do Regulamento (CE) nº 1069/2009 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 21 de octubre de 2009, por el que se establecen las normas sanitarias aplicables a los subproductos animales y los productos derivados no destinados al consumo humano y por el que se deroga el Reglamento (CE) nº 1774/2002 (Reglamento sobre subproductos animales) determina os **subproductos animais que se inclúen na categoría 2** entre os que se inclúen:

- a) *el estiércol, el guano no mineralizado y el contenido del tubo digestivo.*

Conforme á definición contida no artigo 2.20) do dite Regulamento os puríns deberán se considerados SANDACH tipo 2.

Polo tanto ponse en cuestión o conxunto dos tratamentos e medidas propostas no conxunto da documentación relativa *proyecto de planta de biogás Laracha, de Bioenergía A Coruña, S.L.U*.

Así mesmo, en canto á posibilidade de transformación en biogás deste tipo de materiais queda a expensas de que a *autoridade competente considere que non presenten ningún risco de propagación de ningunha enfermidade transmisible grave* á vista do disposto no apartado c)ii) do artigo 13 do Regulamento (CE) nº 1069/2009. **Considérase que non é posible garantir por parte de ningunha administración competente a inexistencia de risco algún de propagación de enfermidades transmisibles.**

Tampouco se considera axeitado o tratamento previo proposto para os residuos a tratar por non incluírse tódolos subprodutos animais que se pretenden transformar.

### 3. FALTA DE PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Considérase necesaria unha planificación territorial e urbanística previa que ordene o conxunto do territorio en relación a implantación de usos impropios do medio rural e que teña en conta elementos preexistentes e as súas características.

O conxunto normativo é claro na regulación restritiva e tendente a limitación e contención nos usos do solo rústico:

- O artigo 3<sup>1</sup> do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana establece os principios básicos que deben rexer as políticas públicas relativas á regulación, ordenación, ocupación, transformación e uso do solo, e polo tanto tamén deber servir de base para a interpretación conxunta e integrada da norma.
- O punto 1 do artigo 13 do dito RD LEx 7/2015 <sup>2</sup> é mais claro aínda ao establecer, con **carácter básico** o destino do solo rural conforme á súa natureza : uso agrícola, gandeiro, forestal, cinexético... e somete o dito destino a preservación de *valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos, científicos e paisaxísticos que sexan obxecto de protección pola lexislación específica*.
- Pola súa banda a lexislación autonómica establece as distintas clasificacións do solo e o seu réxime.

---

#### <sup>1</sup> Artículo 3. Principio de desarrollo territorial y urbano sostenible.

1. Las políticas públicas relativas a la regulación, ordenación, ocupación, transformación y uso del suelo tienen como fin común la utilización de este recurso conforme al interés general y según el principio de desarrollo sostenible, sin perjuicio de los fines específicos que les atribuyan las Leyes.

2. En virtud del principio de desarrollo sostenible, las políticas a que se refiere el apartado anterior deben propiciar el uso racional de los recursos naturales armonizando los requerimientos de la economía, el empleo, la cohesión social, la igualdad de trato y de oportunidades, la salud y la seguridad de las personas y la protección del medio ambiente, contribuyendo en particular a:

- a) La eficacia de las medidas de conservación y mejora de la naturaleza, la flora y la fauna y de la protección del patrimonio cultural y del paisaje.
- b) La protección, adecuada a su carácter, del medio rural y la preservación de los valores del suelo innecesario o inidóneo para atender las necesidades de transformación urbanística.
- c) La prevención adecuada de riesgos y peligros para la seguridad y la salud públicas y la eliminación efectiva de las perturbaciones de ambas.
- d) La prevención y minimización, en la mayor medida posible, de la contaminación del aire, el agua, el suelo y el subsuelo.

#### <sup>2</sup> Artículo 13. Contenido del derecho de propiedad del suelo en situación rural: facultades.

1. En el suelo en situación rural a que se refiere el artículo 21.2,a), las facultades del derecho de propiedad incluyen las de usar, disfrutar y disponer de los terrenos de conformidad con su naturaleza, debiendo dedicarse, dentro de los límites que dispongan las leyes y la ordenación territorial y urbanística, al uso agrícola, ganadero, forestal, cinegético o cualquier otro vinculado a la utilización racional de los recursos naturales.

La utilización de los terrenos con valores ambientales, culturales, históricos, arqueológicos, científicos y paisajísticos que sean objeto de protección por la legislación aplicable, quedará siempre sometida a la preservación de dichos valores, y comprenderá únicamente los actos de alteración del estado natural de los terrenos que aquella legislación expresamente autorice.

Con carácter excepcional y por el procedimiento y con las condiciones previstas en la legislación de ordenación territorial y urbanística, podrán legitimarse actos y usos específicos que sean de interés público o social, que contribuyan a la ordenación y el desarrollo rurales, o que hayan de emplazarse en el medio rural.

Así o artigo 31 da Lei 2/2016<sup>3</sup>, do 10 de febreiro, do solo de Galicia determina o carácter residual do solo rústico, isto, é terán a condición de solo rústico todos os terreos que o *plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable*.

- O artigo 35 da Lei do Solo de Galicia establece de xeito taxativo os usos previstos no solo rústico prohibindo tódolos demais.

A implantación dunha planta de tratamento de residuos e produción de enerxía implica unha incidencia que supera amplamente o ámbito do predio e mesmo o do concello no que se asente.

Débese ter en conta que se trata dunha industria que leva consigo elementos propios dun uso e instalación de carácter industrial: mais de 25 instalacións ou construcións como naves, dous dixestores de 1.700m<sup>2</sup> de superficie, cheminea, zonas de carga e descarga de camións de distintos tipos, depósitos, viais de aproximación e circulacións, planta de tratamento de auga que en total se asentan nunha superficie de aproximadamente 16.000 m<sup>2</sup>.

Ademais o funcionamento normal dunha planta industrial da lugar a emisión elementos contaminantes, emisión de ruídos e olores, xeración de tráfico pesado, a liberación de gases con fraccións de distintos elementos químicos, vertidos de augas, xeración de riscos de incendio, afeccións á fauna, afeccións á paisaxe e así se indica na documentación do promotor.

Por outra banda a implantación dunha industria como a proxectada implica o establecemento de limitacións sobre a contorna e limitacións ao contido do dereito de propiedade tales como a imposibilidade de establecer usos gandeiros en certas distancias ou a imposibilidade de explotación de determinado arboredo (ámbolos dous usos propios do solo rural) derivando na creación obrigas para terceiros como poden ser a de xestionar a biomasa de acordo coa normativa de protección contra incendios en establecementos industriais ou de prevención de incendios forestais.

Todo o exposto nos leva a conclusión de que a implantación dunha planta de xestión de residuos e produción de metano non se pode tramitar cun simple proxecto, por moi completo e detallado que sexa, senón que debe ser consecuencia dun proceso de ordenación territorial e urbanístico previo que:

- Avalíe en conxunto as necesidades de acordo a estudos globais que consideren os centros ou áreas de produción dos residuos, áreas de emprego dos produtos e subprodutos.
- Teña en conta as infraestruturas preexistentes: **áreas industriais xa existentes**, infraestructura de evacuación de gas, accesos adecuados, etc.
- Que pondere os intereses particulares entre si e estes co interese xeral.
- Que conte cunha avaliación ambiental de carácter integrado, propio da planificación.
- Que conte cunha participación pública real e efectiva no momento da planificación e antes da

---

### 3 Artigo 31. Concepto e categorías

#### 1. Terán a condición de solo rústico:

- a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.
- b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.
- c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

implantación.

A lexislación actual prevé mecanismos e procedementos de planificación que resultan necesario á vista do exposto máis arriba.

Así no artigo 40 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia prevé, entre outras a figura dos proxectos de interese autonómico *que teñen por obxecto planificar e proxectar as seguintes actuacións, sempre que transcendan o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, pola súa magnitude ou polas súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado*

A unha escala municipal, o artigo 73 da<sup>4</sup> Lei do Solo de Galicia regula os plans especiais de infraestruturas e dotacións así como as medidas tendentes compatibilizar a implantación dunha infraestructura coas afeccións e por iso obriga a *delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto, medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas ou medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas*. Non alberga dúbida polo tanto que o proxecto da planta de biogás deba cando menos adecuarse ao previsto no dito artigo 73 e os concordantes do Regulamento que a desenvolve (Decreto 143/2016).

A planificación urbanística que se require para un proxecto coa entidade do que se somete a información pública deberá ponderar os intereses concorrentes na zona e establecer de xeito regrado as afeccións aos dereitos de persoas e bens, cuantificándoas se é o caso e prevendo as medidas correctoras e as indemnizacións que no seu caso procedan.

#### 4. INCUMPLIMENTO DA NORMATIVA URBANÍSTICA.

En relación co punto anterior, a falta de planificación urbanística axeitada, a planta de xestión de residuos e de produción de metano proxectada, aínda cumprindo, en termos xerais e sen pormenorizar os usos previstos na Lei do Solo de Galicia (artigo 35.1.m), **non cumpre as condicións reguladas nos artigos 39 e 91 da dita lei** relativos as condicións de implantación e a adaptación ao ambiente en protección da paisaxe.

A Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo deixa claro a obrigatoriedade de cumprir as condicións do artigo 39 da Lei do Solo de Galicia nos seus informes (Expediente XCP 23/019 con cve jD8tGik3FjP6 e Expediente XCP-25/031 con CVE:cCGgFJcapzx3) cuxo teor literal se transcribe a continuación:

---

##### <sup>4</sup> Artigo 73. Plans especiais de infraestruturas e dotacións

1. Os plans especiais de infraestruturas e dotacións teñen por obxecto a implantación de dotacións urbanísticas e dos usos previstos nas letras o) e p) do artigo 35.1, de conformidade co disposto no artigo 36.4.
2. Os plans especiais de infraestruturas e dotacións conterán as determinacións axeitadas á súa finalidade e, en todo caso, as seguintes:
  - a) Delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto.
  - b) Medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.
  - c) Medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas.

1. A planta de biogás constitúe un uso admisible en solo rústico encuadrable no artigo 35.1.m) da LSG e a súa implantación require o cumprimento das condicións xerais de edificación previstas no artigo 39 da LSG e concordantes do regulamento que a desenvolve.

A superficie máxima de ocupación da edificación en planta non poderá exceder do 20% da superficie da parcela.

2. A normativa urbanística non regula a distancia que debe gardarse entre as plantas de biogás e os núcleos de poboación e/ou vivendas, non resultando de aplicación o réxime de distancias previsto no artigo 39.g) da LSG para as novas explotacións gandeiras.

En todo caso, haberá que estar ao que tal efecto estableza a normativa sectorial que puidese resultar de aplicación, nomeadamente, a lexislación en materia medioambiental.

En relación co disposto no apartado a) do artigo 39 da Lei do Solo de Galicia non se xustifica ou garante o acceso rodado **de uso público adecuado á implantación** posto que se indica que este se realizará a través do camiño situado ao norte da parcela, o cal pertencente ao Inventario Municipal de Bens – Epígrafe 1º Grupo C – Camiños coa referencia 10107 e coas seguintes características: Camiño de terra, lonxitude 89 m, anchura máxima 3,50 m, anchura mínima 3,00m e “tipo de firme” TERRA.

Tendo en conta que segundo se indica nos distintos documentos técnicos achegados se espera un tráfico aproximado de 20 camiños de 20 Tn ao día que deben transportar ata 63.500Tn ao ano **non se xustifica a adecuación do acceso rodado á implantación prevista**, tanto pola natureza do acceso (camiño de terra) como polo ancho contemplando no inventario (de 3 a 3,50 metros).

O cuarto parágrafo do apartado c) do artigo 39 da LSG<sup>5</sup> limita a altura máxima das edificacións a 7 metros medidos dende a rasante natural dos terreos.

A documentación técnica que se somete a información pública non achega datos relacionados cos movementos de terras, nin datos topográficos que permitan a comprobación da afección e alteración do relevo natural de terreos. Tampouco se determina a cota ou cotas de implantación, mais aló de que esta será a mesma que do acceso á parcela, polo que non é posible avaliar o cumprimento do disposto no segundo parágrafo do dito apartado c):

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exigencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos

No ALZADOS (FICHERO : P622.00.P.X.003.2 PLANOS LARACHA\_NUEVO ACCESO.DWG) pertencente ao PROXECTO BÁSICO PLANTA BIOMETANO LARACHA, acoutáronse as seguintes edificacións

- DIXESTORES (2 x 1.787,36m<sup>2</sup>)
- PLANTA TRATAMIENTO AGUA (464,58 m<sup>2</sup>),
- ALMACENAMIENTO DIGESTATO SOLIDO (179,12m<sup>2</sup>)
- TANQUES DE ALMACENAMIENTO CO2 (2x55m<sup>2</sup>)

Todas estas edificacións **exceden da altura máxima de 7 metros incumprindo** do disposto no apartado c) do artigo 39 da LSG.

---

<sup>5</sup> – A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

O artigo 91 da Lei 2/2016 <sup>6</sup>obriga con carácter xeral a tódalas construcións a adaptación ao ambiente e a protección da paisaxe o que cobra especial importancia na zona prevista da implantación que se prevé na parte máis alta da parcela e coas particularidades de estar próxima a bens pertencentes ao patrimonio cultural catalogado como se detallará en seguintes apartados.

En relación ao anterior o apartado b) do artigo 39 da LSG<sup>7</sup> regula condicións concretas para a implantación de construcións no solo rústico obrigando entre outras cousas a adopción de medidas tendentes a protección da paisaxe e á preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

Esta regulación está en consonancia co disposto no artigo o artigo 46 e concordantes da A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o que deberá ser considerado ademais polo organismo competente en materia de protección do patrimonio cultural, xa que a a situación da planta está situada integramente no contorno de protección dun ben catalogado polo Plan Básico Autonómico (Decreto 83/2018, do 26 de xullo), tal e como se recolle nos documentos técnicos que se someten a información pública, nomeadamente sitúase no contorno de protección do ben arqueolóxico **Mámoa de Chousa Grande**.

A documentación publicada inclúe un ANEXO IV - ESTUDIO DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAJISTICA do Estudio de Impacto ambiental no que se toma como dato de partida **unha altura errónea de 6 metros** de altura para os dixestores e de 7 metros de altura para a antorcha de seguridade (páxina 8 do ANEXO IV), malia que segundo se comproba as construcións proxectadas están entre os 8 e 9 metros. Nomeadamente os dixestores están acoutados en 9,3 metros.

Así mesmo o dito estudo de integración paisaxística **non ten en conta aspectos relevantes** como a escala da instalación proxectada, a súa tipoloxía propia dunha industria pesada con depósitos de grande volume, construcións con acabados industriais (chapa, formigón etc), instalacións específicas á vista como tubaxes, depósitos e antorcha, os viais perimetrais para a circulación e manobra de camións ou a súa situación na parte alta e mais visible da parcela en contra do esixido polos citados artigos 39 e 91 da Lei do Solo de Galicia.

Considerase á vista do anterior que ANEXO IV - ESTUDIO DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAJISTICA non é correcto nin adecuado a súa finalidade.

---

<sup>6</sup> Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe

*As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:*

*a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.*

*b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.*

*c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.*

*d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.*

[...]

<sup>7</sup> *b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.*

## 5. INADECUACIÓN DO VERTIDO DE PRODUCOS RESULTANTES DO PROCESO.

Non se debe admitir a proposta de eliminación mediante vertido ao medio as augas procedentes da parte líquida do dixestato por **tratarse dun residuo e non de augas residuais**.

A documentación que se somete a información pública detalla os fluxos de auga propios do proceso que se avalía, isto é os consumos xerados de auga e a xeración de augas residuais.

Tal e como obriga o artigo 39 da Lei do Solo de Galicia, os promotores deberán garantir o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos.

Para tratar as augas residuais están previstos varios circuitos dependendo das características das augas do seguinte xeito:

- 2.180 m<sup>3</sup> /ano de augas pluviais
- 15.211 m<sup>3</sup> /ano de augas pluviais en contacto con viais e plataformas depuradas
- 41.201 m<sup>3</sup> /ano de augas residuais industriais depuradas.

Polo que se observa non existen garantías de que as augas pluviais que nalgúns casos non se tratan e no outro simplemente se tratan fronte aos hidrocarburos procedentes dos viais sufran contaminación por patóxenos procedentes dos vehículos ou outros procesos ao estaren en contacto directo.

En canto as augas residuais industriais debe entenderse que na súa maioría *proceden da fracción líquida do dixestato*, tal e como se indica no apartado 7.2.3 (páxinas 19 e 20) do documento ANEXO X. PROYECTO TÉCNICO DE LOS SISTEMAS DE TRATAMIENTO DE LAS AGUAS RESIDUALES (DOCUMENTO 1. MEMORIA. REV: 02 CÓDIGO: P-2024-249-001). Así mesmo no dito apartado tamén se expón que non se dispón dunha caracterización concreta das augas que se tratarán na depuradora de augas industriais polo que "se aporta un perfil establecido en relación aos datos bibliográficos dispoñibles e a experiencia no sector".

A norma é clara neste sentido e o artigo 3.3.b) <sup>8</sup>da Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular inclúe dentro do seu obxecto os produtos derivas do tratamento da planta de biogas.

Por todo o anterior non se deberá entender que as augas procedentes da fracción líquida do dixestato **NON teñen consideración de augas residuais** senón que se trata dun **subproduto ou residuo** do proceso de tratamento proxectado e se nese caso **non deberá admitirse o vertido previsto ao medio**.

## 6. EMISIÓN NON CONTROLADA DE OLORES INCOMPATIBLES COA POBOACIÓN.

Non se dispón documentación completa das construcións previstas, das súas características, dimensións configuración arquitectónica etc.

Porén, segundo a memoria e descrición dos procesos, os residuos que se tratarán na planta divídense en tres grupos: residuos sólidos, residuos líquidos e que non requiren trituración (con 2 posicións de descargas en dous tanques independentes) e residuos SANDACH.

A falta de máis datos obsérvase que a descarga na planta dos residuos realizase en zonas abertas, sen control de emisión de olores e/ou outros contaminantes.

Transcríbese a continuación o a descrición da zona de recepción de residuos:

*Cobertizo de recepción de residuos.*

---

<sup>8</sup> se regularán por esta ley, los subproductos animales y sus productos derivados, cuando se destinen a la incineración, a los vertederos o sean utilizados en una planta de digestión anaerobia, de compostaje o de obtención de combustibles, se destinen a tratamientos intermedios previos a las operaciones anteriores.

*Se ha previsto un cobertizo de unos 1590 m<sup>2</sup>, en el cual se ubicarán los tanques de recepción de los residuos y el toje de residuos sólidos. Este cubierto se realizará mediante estructura metálica y cubierta metálica simple.*

*La descarga de los residuos se realizará directamente a tanques enterrados de hormigón armado. El acceso a la descarga de cada foso se realizará a través de la correspondiente puerta abatible.*

*El acabado interior de los fosos dispondrá de una capa de lechada de cemento con resinas hidrófugas para la impermeabilización. Estos tanques tendrán una capacidad total de 500m<sup>3</sup>. Estos tanques estarán enterrados, con el perímetro sobresalido 30 cm que hará de bordillo y tope para evitar caídas de camiones. El perímetro de los fosos dentro de la nave dispondrá de barandilla metálica para evitar caídas de personal al interior del foso.*

*Lavadero de camiones Sandach.*

*En la posición de descarga de los residuos Sandach, se dispone de un lavadero, con dimensiones en planta de 16x5 m y una altura libre de 4,5 metros, que perimetralmente estará cerrado por tres de sus cuatro caras mediante mamparas de PVC o equivalente. Este lavadero se ubicará en el interior del cobertizo de recepción.*

Segundo a descripción e planos dos que se dispón e agás erro, estimo que non existe control sobre a afección significativa de emisión de olores e os posibles contaminantes asociados ao realizarse as descargas dos distintos produtos que a planta trataría en espazos abertos ao exterior sen atmosfera controlada.

Debe terse en conta que a emisión de olores leva consigo a presenza de partículas contaminantes como amoníaco, H<sub>2</sub>S, NH<sub>3</sub> etc, e mesmo axentes patóxenos relacionados cos biorresiduos que levaría a conclusión de que se proxecta unha **instalación sen as garantías sanitarias suficientes**.

## 7. AFECCIÓN TRÁFICO PESADO

**O tráfico xerado pola planta é incompatible coas características dos accesos existentes e as afeccións e riscos xerados polo dito tráfico son incompatibles co entorno inmediato.**

A planta de tratamento de residuos e de produción de metano prevé a entrada de ata 20 camións diarios de 20 toneladas.

O acceso previsto é polo lindeiro norte da parcela que a través de outras vías municipais acabará na intersección coa estrada autonómica AC-523.

Non se achegou un estudo de tráfico que avalíe a idoneidade da intersección entre a vía municipal de acceso a zona de implantación coa estrada AC-523.

En todo caso, o tráfico previsto polos camiños municipais, en algún caso sen pavimentar é incompatible co modo de vida e cos asentamentos tradicionais próximos que comparten vía de acceso. Mesmo as cargas propias do dito tráfico e a intensidade prevista provocarán danos extraordinarios nas vías municipais e riscos para os usuarios habituais ademais de incompatibilidades co tráfico derivado das actividades agrícolas.

Ao anterior súmase que parte do tráfico de camións servirá para a evacuación do gas metano producido e dos residuos destinados a xestor autorizado así como os subprodutos resultantes, polo que se tratará de substancias con risco de incendio e explosión coincidindo na circulación con outros transportes de biorresiduos ou residuos contaminados a través de vías municipais cuxo ancho de firme é de 5 metros.

Considérase un risco non asumible o tráfico predominantemente en sentidos opostos de vehículos de gran tonelaxe con produtos inflamables (gas) ou residuos contaminantes e vehículos con produtos con riscos sanitarios.

Extractouse a continuación parte do proxecto na que se resume o tráfico esperado pola planta de tratamento:

La planta recibirá y/o enviará camiones que puedan transportar los siguientes materiales principales:

- Residuos orgánicos a digestión – Se estima que recibirán unos 3175 camiones con 20tn/ud.
- Expedición de digestato sólido

Tipo de camión	Num. Camiones		Observaciones
	Año	Día	
Residuo orgánico a digestión – media de camiones	3175 ud	13 ud.	Carga máxima de 20 tn/ud
Expedición de digestato solido	1000 ud.	3-4 ud.	Carga máxima de 20 tn/ud
Expedición de biometano	1000 ud.	2-3 ud.	Carga máxima de 3 tn/ud

De media se espera que diariamente entren 17 camiones y de máximo 20 camiones. De media se tendrá entre 2 y 3 camiones/hora.

El tiempo de pesaje será de 60 segundos como máximo (el tiempo incluye el posicionamiento, el pesaje y la salida). Los vehículos mencionados se pesarán dos veces (entrada/salida) para obtener su peso bruto y su tara. Así que la báscula tendrá una ocupación máxima media de 6 camiones/hora (3 de entrada y 3 de salida), por lo que se considera que se necesita 1 sola báscula.

El sistema de pesaje podrá funcionar en los dos modos siguientes:

## 8. INCOMPATIBILIDADE POR DISTANCIAS A OUTRAS EXPLOTACIONES.

**A instalación proxectada é incompatible con outras explotacións ou instalacións existentes (granxas, matadoiros etc) e xera incompatibilidade coas futuras explotacións impediendo nunha área por determinar o uso propio e normal do solo rústico.**

Por estar previsto o tratamento, entre outros de SANDACH deberase ter en conta as distancias previstas por cuestións sanitarias na normativa reguladora dos distintos tipos de explotacións que alberguen ou críen animais, ou mesmo se sacrifiquen, como o anexo V do REGLAMENTO (UE) N o 142/2011 DE LA COMISIÓN de 25 de febrero de 2011 e a normativa propia para cada caso: gando bovino, porcino, matadoiros.

Deberán ser comprobados os rexistros das distintas administracións competentes para determinar a posible existencia de explotación ou instalacións incompatibles por cuestións sanitarias.

Así mesmo a instalación da planta, na que se tratarían residuos tipo SANDACH impedirán na distancia que cada norma reguladora indique a situación de explotacións destinadas a cría, reprodución ou mantemento de animais.

## 9. RISCOS DE INCENDIOS INCOMPATIBLES

A planta de tratamento de residuos e de produción de metano non debe ser considerada compatible co medio e plantacións próximas aos terreos no que se pretende asentar **polos riscos de incendios xerados e polas afeccións aos dereitos de terceiros** non identificados nin cuantificados.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia determina as distancias nas que se establecerán faixas de xestión de biomasa, primarias e secundarias.

Segundo o anterior a construción da planta de biogás orixinará obrigas e limitacións para os predios lindeiros nunha franxa que previamente se deberá definir con claridade.

Neste sentido o artigo 21 da Lei 3/2007 determinada unha faixa de xestión de 50 metros *Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolinas e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.*

Nas faixas de xestión de biomasa deberán realizarse as actuacións previstas na propia Lei 3/2007 tendentes á prevención de incendios forestais, con prohibición de plantación de determinadas especies arbóreas.

O artigo 23 da Lei 3/2007 determina responsables e obrigas en relación co indicado máis arriba.

*2. As novas instalacións que se constrúan de acordo coas disposicións que se establezan na súa normativa específica para a construción que lle servirán de base para obter o correspondente título habilitante municipal destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir co disposto no artigo 21.*

*3. A responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderalle á **persoa propietaria dos terreos edificados, que dispoñerá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida.** Este acceso levarase a cabo durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para a persoa beneficiaria.*

*A retirada de especies arbóreas será realizada polas persoas propietarias delas.*

*O cumprimento das obrigas ás que se refire este número enténdese sen prexuízo do dereito das persoas titulares do dereito de aproveitamento dos terreos gravados pola servidume de paso forzosa ou das persoas propietarias das árbores retiradas a reclamar da persoa propietaria dos terreos edificados, na vía xurisdiccional que corresponda, a correspondente indemnización polos danos e perdas sufridos, incluído o lucro cesante.*

*4. No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial, deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente na normativa específica para a construción.*

*5. Os promotores e promotoras de novas edificacións deberán presentar ante a Administración municipal un proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimento do que establece esta lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, se é o caso.*

Esta incompatibilidade é mais acusada tendo en conta as obrigas relacionadas coa protección contra incendios en establecementos industriais que establece determinadas condicións en relación á capacidade portante e aos anchos mínimos dos viais de acceso para os vehículos de emerxencia.

Por outra banda o Real Decreto 893/2013, de 15 de novembro, por el que se aprueba la Directriz básica de planificación de protección civil de emergencia por incendios forestales no seu Anexo II obriga a cumprir entre outras as seguintes medidas:

*a) A fin de disminuir o romper la continuidad de los combustibles forestales se deberá asegurar la existencia de una faja perimetral de protección de 30 metros de ancho dentro de la misma propiedad, alrededor de la urbanización, edificación o instalación, medida desde el límite exterior de la edificación o instalación destinada a las personas, libre de vegetación seca y con la masa arbórea aclarada. Siempre que sea posible, esta faja deberá ser de, al menos, ocho veces la altura de la vegetación dominante.*

Por todo o exposto, estimo que **é incompatible a planta proxectada cos riscos de incendios** que esta leva consigo, e que ademais orixina limitacións ao dereito de propiedade de terceiros que deberan obedecer a procedementos regrados e planificación urbanística e territorial previa.

## 10. INCOMPATIBILIDADE COA PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.

A implantación prevista sitúase integramente no contorno de protección dun ben catalogado polo Plan Básico Autonómico (Decreto 83/2018, do 26 de xullo), tal e como se recolle nos documentos técnicos que se someten a información pública, nomeadamente sitúase no contorno de protección do ben arqueolóxico Mámoa de Chousa Grande.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece entre outros e segundo o teor literal do seu preámbulo o réxime xenérico de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia, que se aborda desde distintas perspectivas, tanto desde o punto de vista dos deberes e obrigas das persoas titulares, posuidoras e arrendatarias e dos demais titulares de dereitos reais sobre bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia, coma desde o punto de vista do establecemento do réxime de intervencións autorizables en función da natureza e dos distintos niveis de protección dos bens.

En concreto o artigo 46 e concordantes da dita lei establece os criterios para as intervencións nos contornos de protección segundo se transcribe textualmente:

*Artigo 46. Criterios específicos de intervención no contorno de protección*

*1. O contorno de protección debe manterse cos seus valores ambientais, polo que as intervencións que se realicen deben resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito. Deberán procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben.*

*2. En concreto, teranse en conta os seguintes criterios específicos, sen prexuízo da aplicación de criterios de viabilidade para a implantación e desenvolvemento de intervencións e actividades:*

*a) Procurarase evitar os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal do contorno.*

*b) Procurarase a súa compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional, como son a rede de camiños, os muros de peche, as sebes, as tapias, os noiros e outros semellantes.*

*c) Empregaranse materiais, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas en coherencia co ámbito en calquera tipo de intervencións.*

*d) Manteranse preferentemente a estrutura e a organización espacial do contorno, coa conservación xeral das aliñacións e rasantes.*

*e) Procurarase e valorarase a integración e compatibilidade dos usos e costumes tradicionais e característicos configuradores do ambiente cos de nova implantación.*

*f) Facilitarase a implantación de actividades complementarias compatibles cos valores culturais dos bens que garantan a continuidade do seu mantemento co establecemento de novos usos.*

Débese poñer en contexto o ben indicado con outros bens arqueolóxicos catalogados como o Petróglifo de Couto Martíns, a Mámoa de Santa Baia ou o Castro de Santa Baia.

Así mesmo débense poñer en común a regulación contida no artigo 39 o artigo 91 da Lei do Solo de Galicia, ambas encamiñadas que as actividades e construcións en solo rústico se adecúen ao entorno.

Parece evidente que a tipoloxía industrial do que se proxecta, o número de edificacións (mais de 25 entre dixestores, naves, depósitos, etc), a superficie ocupada coas ditas edificacións e viais interiores, así como as características propia da actividade, con circulacións de vehículos pesado, transporte de cargas perigosas, instalacións con focos de emisións contaminantes, chemineas de seguridade etc **orixinarán movementos de terra incompatibles coa protección dos bens arqueolóxicos máis próximos.**

Tamén se debe considerar incompatible a factoría proxectada coa contemplación de todos bens catalogados máis próximos enumerados cuxo contexto debe entenderse como particular e propio do enclave no que se pretende actuar.

## 11. INCOMPATIBILIDADE CON INFRAESTRUTURA ELÉCTRICA

Segundo se comproba na cartografía do Plan Básico Autonómico a parcela sobre a que se proxecta a planta de biogás está afectada pola servidume dunha liña eléctrica conforme ao disposto na Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e normativa concurrente.

Considérase que a implantación prevista é incompatible coa servidume propia da liña eléctrica existente e leva consigo un risco adicional de incendios tamén incompatible coa seguridade das persoas e bens.

E segundo o exposto neste escrito **SOLICITO a ese organismo, que se emita declaración de impacto ambiental desfavorable e se denegue a autorización ambiental integrada para o proxecto de planta de biogás Laracha**, de Bioenergía A Coruña, S.L.U., na Laracha, A Coruña (expediente 2024-IPPC-I-94)

Na Laracha, en maio de 2026

Fdo.